



---

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO

## DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

### 2024 - 2025

---

#### MATERIAS:

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 1º ESO

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 3º ESO

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 4º ESO

FORMACIÓN E ORIENTACIÓN PERSOAL E PROFESIONAL DE 4º ESO

PROXECTO COMPETENCIAL DE 2º ESO



## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E MARCO LEGAL
2. CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE
3. INDICADORES PARA AVALIAR AS COMPETENCIAS
4. OBXECTIVOS DE ETAPA
5. OBXECTIVOS DAS MATERIAS
  - 5.1. OBXECTIVOS DA MATERIA DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA
  - 5.2. OBXECTIVOS DA MATERIA DE FOPP
  - 5.3. OBXECTIVOS DA MATERIA DE PROXECTO COMPETENCIAL
6. TEMPORALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO
7. METODOLOXÍA, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS
  - 7.1. METODOLOXÍA
  - 7.2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
  - 7.3. ESPAZOS E MATERIAIS
  - 7.4. COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS
8. PLANS DE REFORZO E RECUPERACIÓN
9. MECANISMO DE RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES
10. ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO
11. ELEMENTOS TRANSVERSAIS
12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS
13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS
14. REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN



## 1. INTRODUCCIÓN E MARCO LEGAL

O departamento de Bioloxía e Xeoloxía no CPI Plurilingüe Arquitecto Palacios é unipersonal, integrado durante este curso 2024-2025 pola docente María Zapatero Artacho, encargada de impartir as materias de Bioloxía e Xeoloxía en 1º de ESO, 3º de ESO e 4º de ESO, a materia de FOPP de 4º de ESO e a materia de Proxecto Competencial de 2º de ESO.

O CPI Plurilingüe Arquitecto Palacios pertenceu, ata xuño de 2006, ao Instituto Social da Mariña. A súa función principal era atender a alumnado residente do réxime especial do mar con problemas sociais, aínda que tamén escolarizaba alumnado externo da zona, que é a maioría do que escolariza na actualidade. En xuño de 2006 foi transferido á Consellería de Educación e a súa denominación pasou a ser a de C.P.I. de Panxón e, na actualidade, denomínase C.P.I. Plurilingüe Arquitecto Palacios.

O entorno socioeconómico é o propio dunha pequena vila marítimo-pesqueira galega na que a maioría do alumnado pertence a un estrato socioeconómico e cultural medio e medio-baixo e onde gran parte dos alumnos e as alumnas presentan actitudes de desinterese polo estudo, e, nalgúns casos, as condicións imperantes nas súas casas non son idóneas para favorecerlo. Presentan, en xeral, grandes dificultades para manter a atención, e os niveis de partida e coñecementos previos, son tamén baixos. Teñen pouco desenvolvida, para a súa idade, a capacidade de análise e abstracción, a de expresión e comprensión oral e escrita, así como os hábitos de traballo e estudo, e son pouco autónomos/as nas súas aprendizaxes.

A lexislación da que se deriva esta programación é a **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica de Educación 2/2006, do 3 de maio. (LOMLOE)** e o **Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.**

Desta maneira, esta Programación Didáctica é un documento flexible, revisable e adaptable á realidade inmediata da práctica diaria. O alumnado ao que vai dirixida (a data 25 de setembro de 2024) é o seguinte: 16 alumnos e alumnas en 1º ESO, 30 en 3º ESO, 9 en 4º ESO para Bioloxía e Xeoloxía, 14 na materia de FOPP en 4º ESO e 9 na materia de Proxecto Competencial de 2º ESO.



## 2. CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Tal e como se describe na lexislación actual, tódalas áreas ou materias do currículo deben contribuir ao desenvolvemento das distintas competencias clave do alumnado. Estas, de acordo coas especificacións da lei, son as seguintes:

- ✓ Competencia en comunicación lingüística (CCL)
- ✓ Competencia plurilingüe (CP)
- ✓ Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM)
- ✓ Competencia dixital (CD)
- ✓ Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)
- ✓ Competencia cidadá (CC)
- ✓ Competencia emprendedora (CE)
- ✓ Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)

Dende a área de Bioloxía e Xeoloxía, FOPP e Proxecto Competencial, contribuirase ao desenvolvemento de cada unha das competencias de xeito sistemático. A continuación se pormenoriza a contribución a cada unha delas.

### a) *Competencia en comunicación lingüística (CCL)*

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Estas situacións e prácticas poden implicar o uso dunha ou varias linguas, en diversos ámbitos, e de xeito individual ou colectivo.

Esta visión da competencia en comunicación lingüística vinculada con prácticas sociais determinadas ofrece unha imaxe do individuo como axente comunicativo que produce, e non só recibe, mensaxes a través das linguas con distintas finalidades.

Dende a materia de Bioloxía e Xeoloxía, FOPP e Proxecto Competencial traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Comprender o sentido dos textos escritos, concretamente artigos de divulgación,



artigos científicos ou periodísticos, extractos de libros ou publicacións dixitais.

- Captar o sentido das expresións orais: explicacións, indicacións, reflexións.
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás.

b) *Competencia plurilingüe (CP)*

A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou escritas, de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, e, no seu caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais. Integra, así mesmo, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade co obxectivo de fomentar a convivencia democrática. Neste sentido, as materias obxecto desta programación impártense en lingua galega, polo que contribuirán a adquisición por parte do alumnado dunha boa competencia nesta lingua, tanto se é a súa lingua materna como se non é a lingua que emprega nas súas comunicacións habituais.

c) *Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM)*

A competencia matemática e a competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría inducen e fortalecen algúns aspectos esenciais da formación das persoas que resultan fundamentais para a vida. Nunha sociedade onde o impacto das matemáticas, as ciencias e as tecnoloxías é determinante, a consecución e mantemento do benestar social esixe condutas e toma de decisións persoais estreitamente vinculadas coa capacidade crítica e coa visión razoada e razoable das persoas.

Dende as materias de Bioloxía e Xeoloxía, FOPP e Proxecto Competencial traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural, e as



repercusións que isto ten para a vida futura.

- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso arredor.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico- matemáticos.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

#### d) *Competencia dixital (CD)*

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para acadar os obxectivos relacionados co traballo, a empregabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade.

Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nun contorno dixital.

Dende as materias de Bioloxía e Xeoloxía, FOPP e Proxecto Competencial traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida através de medios tecnolóxicos.



- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

e) *Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)*

A competencia persoal, social e de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais, non formais e informais.

Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto esixe, en primeiro lugar, a capacidade para motivarse por aprender. Esta motivación depende de que se xere a curiosidade e a necesidade de aprender, de que o estudante se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a alcanzar as metas de aprendizaxe propostas e, con iso, que se produza nel unha percepción de autoeficacia. Todo o anterior contribúe a motivalo para abordar futuras tarefas de aprendizaxe.

Dende as materias de Bioloxía e Xeoloxía, FOPP e Proxecto Competencial traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Identificar potencialidades persoais: habilidades cognitivas, comunicativas, sociais.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional e interdependente.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que compre realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución dos obxectivos de aprendizaxe e actuar en consecuencia.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.



f) *Competencia cidadá (CC)*

A competencia cidadá implica a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e as actitudes sobre a sociedade –entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa–, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Ademais de incluír accións a un nivel máis próximo ao individuo como parte dunha implicación cívica e social.

Dende as materias de Bioloxía e Xeoloxía, FOPP e Proxecto Competencial traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

g) *Competencia emprendedora (CE)*

A competencia emprendedora implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación onde intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Esta competencia está presente nos contornos persoal, social, escolar e laboral nos que se desenvolven as persoas, permitíndolles o desenvolvemento das súas actividades e o aproveitamento de novas oportunidades. Constitúe igualmente o alicerce doutras capacidades e coñecementos máis específicos e inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados.





Dende as materias de Bioloxía e Xeoloxía, FOPP e Proxecto Competencial traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

*h) Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)*

A competencia en conciencia e expresións culturais implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e gozo persoal e consideralas como parte da riqueza e o patrimonio dos pobos.

Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Dende as materias de Bioloxía e Xeoloxía, FOPP e Proxecto Competencial traballaremos o coñecemento do patrimonio científico e natural que nos rodea, a importancia da súa conservación e valorización, así como a relación co patrimonio cultural e artístico da nosa sociedade.



### 3. INDICADORES PARA AVALIAR AS COMPETENCIAS

Para avaliar as competencias, dende as materias para as que se programa, terase en conta que estas se reflicten nos obxectivos xerais, e que os criterios de avaliación en cada curso deben ser o referente fundamental para valorar, tanto o grao de adquisición das competencias, como o de consecución dos obxectivos. Por esa razón, se fai necesario empregar unha serie de indicadores observables de avaliación que faciliten a valoración do grao de adquisición das competencias por parte dos alumnos e alumnas.

#### Competencia en comunicación lingüística (CCL)

- Segue as indicacións e explicacións da profesora.
- Toma notas e apuntamentos a partires das explicacións.
- Comprende os enunciados das actividades propostas.
- Discrimina entre información fundamental e accesoria.
- Formula preguntas con precisión, rigor, ritmo e entoación axeitados.
- Resposta a preguntas con expresión axeitada e correcta.
- Expresa oralmente ideas, razoamentos, procedementos seguidos e resultados obtidos na resolución de problemas.
- Posúe fluidez e riqueza expresiva.
- Participa e respecta á estrutura da conversación.
- Presenta os traballos de forma clara e ordenada, evitando faltas de ortografía e seguindo as normas gramaticais.

#### Competencia plurilingüe (CP)

- Usa eficazmente unha ou máis linguas, ademais da lingua ou linguas familiares.
- Responde as súas necesidades comunicativas de maneira apropiada e adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.
- Realiza transferencias entre distintas linguas como estratexia para comunicarse e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.



- Coñece, valora e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na sociedade, integrándoa no seu desenvolvemento persoal como factor de diálogo, para fomentar a cohesión social.

#### *Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM)*

A nosa actividade avaliadora referida a esta competencia realizarase atendendo aos obxectivos, criterios de avaliación e mínimos esixidos en cada nivel educativo.

- Toma conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Recoñece a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplica métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Manexa os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso arredor.
- Manexa a linguaxe científica con precisión en calquera contexto.
- Identifica e manipula con precisión números, datos e gráficos en situacións cotiás.
- Aplica os coñecementos científicos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais.
- Realiza argumentacións en calquera contexto con esquemas científicos.
- Aplica as estratexias de resolución de problemas a calquera situación.
- Analiza causas, relacións e riscos.

#### *Competencia dixital (CD)*

- Traballa con ficheiros en rede e os comparte.
- Usa correctamente Internet como fonte de información, atendendo á súa fiabilidade.
- Emprega distintas fontes para a busca de información e as selecciona segundo a súa fiabilidade.
- Edita e usa procesadores de texto.
- Edita e usa follas de cálculo para organizar a información.
- Realiza actividades interactivas feitas co ordenador.



- Fai uso da presentación multimedia dun contido.
- Redacta e envía correos electrónicos.
- Aplica criterios éticos no uso das tecnoloxías.

#### *Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)*

- Organiza o tempo con traballo e pausas.
- Ten unha postura axeitada.
- Identifica as motivacións, obstáculos e interferencias.
- Posúe autocontrol da atención e perseveranza na tarefa.
- Prepara os materiais necesarios para o estudo.
- Identifica detalles e datos, procura alternativas e resolve problemas.
- Define obxectivos e metas.
- Organiza mapas conceptuais e esquemas a partir dos contidos traballados.
- Fai uso dunha presentación clara e ordenada.
- Emprega a autoavaliación do proceso e do resultado desde o esforzo realizado.

#### *Competencia cidadá (CC)*

- escoita de forma activa.
- Ten unha actitude flexible e dialogante en situacións problemáticas.
- Colabora nas tarefas colaborativas.
- Mostra respecto cara ás obras e as opinións dos demais.
- Fai xuízo a comportamentos.
- Analiza as consecuencias do incumprimento das normas.
- Fai práctica da negociación e mediación.
- Identifica e rexeita calquera tipo de prexuízos.
- Recoñece a riqueza na diversidade de opinións e ideas.



### *Competencia emprendedora (CE)*

- Ten iniciativa para buscar información e ler en distintas fontes.
- Fai unha práctica responsable das tarefas.
- Optimiza recursos persoais, apoiándose nas fortalezas propias.
- Asume as responsabilidades encomendadas e da conta delas.
- É constante no traballo superando as dificultades.
- Ten expectativas positivas cara ao traballo de equipo.
- Prima a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Optimiza o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Actúa con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Cumpre cos acordos adoptados.

### *Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)*

- Comprende e usa relacións espaciais e temporais.
- Identifica e describe manifestacións culturais
- Aprecia os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Integra elementos doutros códigos expresivos.
- Ten fluidez e riqueza expresiva.
- Usa a imaxinación.
- É flexible para aceptar cambios.
- Ten orixinalidade ou inventiva na resposta.
- Fai uso dunha presentación clara e ordenada.
- Elabora traballos e presentacións con sentido estético.



#### 4. OBXECTIVOS DA ETAPA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

Os obxectivos xerais para a ESO son:

- a) *Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.*
- b) *Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.*
- c) *Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.*
- d) *Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.*
- e) *Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.*
- f) *Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.*
- g) *Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.*
- h) *Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.*
- i) *Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.*
- j) *Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.*



*k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.*

*l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.*

*m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.*

*n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.*

## **5. OBXECTIVOS XERAIS DAS MATERIAS**

### **5.1. Obxectivos da materia de Bioloxía e Xeoloxía**

A materia de Bioloxía e Xeoloxía debe contribuír durante a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) a que o alumnado adquira uns coñecementos e destrezas básicas que lle permitan adquirir unha cultura científica; os alumnos e alumnas deben identificarse como axentes activos, e recoñecer que das súas actuacións e coñecementos dependerá o desenvolvemento do seu medio. Durante esta etapa, perséguese asentar os coñecementos xa adquiridos, para ir construíndo, curso a curso, coñecementos e destrezas que permitan aos alumnos e alumnas ser cidadáns respectuosos consigo mesmos, cos demais, co medio e co material que utilizan, ou que está á súa disposición. Ser responsables, capaces de ter criterios propios, e de non perder o interese que teñen desde o comezo da súa temperá actividade escolar por continuar aprendendo. Os obxectivos para esta materia son:

OBX1. Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e



utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas.

OBX2. Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade, organizándoa e avaliándoa criticamente para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas.

OBX3. Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo os pasos das metodoloxías científicas e cooperando cando sexa necesario para indagar en aspectos relacionados coas ciencias xeolóxicas e biolóxicas.

OBX4. Utilizar o razoamento e o pensamento computacional, analizando criticamente as respostas e solucións e reformulando o procedemento, de ser necesario, para resolver problemas ou dar explicación a procesos da vida cotiá relacionados coa bioloxía e coa xeoloxía.

OBX5. Analizar os efectos de determinadas accións sobre o ambiente e a saúde baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas e da Terra para promover e adoptar hábitos que eviten ou minimicen os impactos ambientais negativos, que sexan compatibles cun desenvolvemento sostible e que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.

OBX6. Analizar os elementos dunha paisaxe concreta valorándoo como patrimonio natural e utilizando coñecementos sobre bioloxía e xeoloxía para explicar a súa historia natural, propoñer accións encamiñadas á súa protección e identificar posibles riscos naturais.

## 5.2. Obxectivos da materia de FOPP

OBX1. Comprender os procesos físicos e psicolóxicos implicados na cognición, a motivación e a aprendizaxe, xunto coas principais características do desenvolvemento evolutivo da persoa estudadas polas ciencias sociais, analizando as súas implicacións na conduta, considerando os factores persoais e socioculturais que interveñen na configuración psicolóxica da persoa, para obter un bo coñecemento axeitado de si mesmos que lles permita construír o seu proxecto persoal de vida.

OBX2. Analizar e describir aqueles elementos da madurez que condicionan os comportamentos, identificando as calidades persoais e de relación social propias e dos demais, desenvolvendo estratexias de xestión emocional e do propio proceso de aprendizaxe, e estratexias e habilidades sociais adecuadas a contextos cambiantes e a grupos diferentes, para mellorar o desempeño no ámbito persoal, social e académico e lograr





maior control sobre as accións e as súas consecuencias, e para potenciar, así, aquelas calidades persoais no alumnado que favorecen a autonomía e permiten afrontar de forma eficaz os novos retos aos que se van enfrontar na súa entrada á idade madura.

OBX3. Explorar as oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna, descubriendo e priorizando as necesidades e intereses persoais e vocacionais e desenvolvendo o espírito de iniciativa e de superación, así como as destrezas necesarias na toma de decisións, para levar a cabo un proxecto persoal, académico e profesional propio e realizar unha primeira aproximación ao deseño dun plan de procura activa de emprego.

OBX4. Coñecer e comprender o ser humano, nas súas dimensións social e antropolóxica, e atender á variedade de sociedades e culturas, analizando con empatía a súa diversidade e complexidade desde diferentes perspectivas para comprenderse a un mesmo e interactuar cos demais desde o respecto á diversidade persoal, social e cultural, e fomentar o espírito crítico sobre aspectos que dirixen o funcionamento do ser humano nestes ámbitos.

### 5.3. Obxectivos da materia de Proxecto Competencial

OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.

OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.

OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, con control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.

## 1. TEMPORALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO

### PRIMEIRO TRIMESTRE:

- Elaboración das programacións de 1º, 3º e 4º de Bioloxía e Xeoloxía, de FOPP de 4º e de Proxecto Competencial de 2º en Proens.
- Publicación e comunicación en tódolos grupos dos criterios de cualificación das materias.
- Preparación das probas de avaliación iniciais e análise dos seus resultados.



- Selección do tipo de apoio e coordinación coa persoa encargada destes.
- Elaboración dos boletíns de actividades para a recuperación de materias pendentes.
- Elaboración desta programación pertencente á PXA do centro.
- Solicitude de materiais necesarios para o laboratorio de ciencias.
- Preparación de materiais de aula: exercicios, apuntamentos, vídeos para presentar directamente na aula ou nas plataformas Edixgal (1º ESO) ou na aula virtual do centro (resto de cursos). Todo o alumnado conta con estas plataformas para seguir o proceso de aprendizaxe aínda que estea na casa por enfermidade ou calquera outro motivo.
- Colaboración coas actividades da Biblioteca.
- Cursos de formación do profesorado. Grupos de traballo.
- Revisión da evolución do alumnado con reforzos e apoios.
- Participación nas actividades relacionadas coas conmemoracións e celebracións deste trimestre.
- Preparación da avaliación e da recuperación nos casos necesarios.
- Elaboración das propostas de temas e rúbrica de avaliación para os traballos en equipo a realizar cada trimestre.
- Seguimento e axuste da temporalización nas distintas materias.
- Organización e preparación das prácticas de laboratorio. Supervisión do material.
- Organización das actividades complementarias propostas.

### SEGUNDO TRIMESTRE:

- Corrección dos boletíns de recuperación de materias pendentes e proba de avaliación do 1º cuadrimestre.
- Preparación do material, tanto en papel como dixital, das unidades do trimestre e a súa publicación na Aula Virtual e en Edixgal.
- Análise crítica de resultados da primeira avaliación.
- Preparación de actividades relacionadas coas conmemoracións e celebracións deste trimestre.



- Colaboración coas actividades da Biblioteca.
- Seguimento do alumnado con reforzo e apoio.
- Organización e preparación das prácticas de laboratorio. Supervisión do material.
- Organización das actividades complementarias propostas.
- Seguimento e axuste da temporalización nas distintas materias.
- Preparación da Avaliación e da recuperación nos casos necesarios.

### TERCEIRO TRIMESTRE:

- Preparación do material, tanto en papel como dixital, das unidades do trimestre e a súa publicación na Aula Virtual e en Edixgal.
- Corrección dos boletíns de recuperación de materias pendentes e proba de avaliación do segundo cuadrimestre.
- Análise crítica dos resultados da 2ª avaliación.
- Participación nas actividades relacionadas coas conmemoracións e celebracións deste trimestre.
- Preparación da avaliación final e de materias pendentes.
- Colaboración coas actividades da Biblioteca.
- Cursos de formación do profesorado. Grupos de traballo.
- Revisión da evolución do alumnado con reforzos e apoios.
- Participación nas actividades relacionadas coas conmemoracións e celebracións deste trimestre.
- Preparación da avaliación e da recuperación nos casos necesarios.
- Elaboración das propostas de temas e rúbrica de avaliación para os traballos en equipo a realizar cada trimestre.
- Seguimento e axuste da temporalización nas distintas materias.
- Organización e preparación das prácticas de laboratorio. Supervisión do material.
- Organización das actividades complementarias propostas.



- Elaboración da memoria final do curso.
- Preparación de material para a recuperación das avaliacións non superadas.
- Informes para a avaliación ordinaria final de xuño.

## 2. METODOLOXÍA, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

### 2.1. METODOLOXÍA

Na materia de Bioloxía e Xeoloxía a metodoloxía empregada incluírá en cada unidade didáctica:

- A detección e análise, nalgúns casos por escrito e noutros con chuvias de ideas, dos coñecementos previos do alumnado, en xeral e individualmente, sobre os conceptos que trataremos a continuación.
- Empregaremos diversos materiais de apoio visual (vídeos, imaxes 3D, modelos tridimensionais...) como apoio ás explicacións e para favorecer a adquisición dos conceptos, posto que se trata de achegar ao alumnado a imaxe dos fenómenos naturais.
- As actividades a realizar polo alumnado serán o máis diversas posibles: exercicios en papel e interactivos, debuxos, esquemas, prácticas de laboratorio, traballos en equipo con exposición conxunta, investigacións e experimentos científicos.
- Para favorecer a comprensión lectora do alumnado empregaranse artigos de divulgación científica, textos a interpretar nas probas escritas e nos últimos cursos a lectura dun libro e posterior proba.
- Destacamos actividades propostas como: a realización dun Congreso Internacional sobre Evolución en 4º ESO ou o xogo de rol do Equipo Médico en 3º ESO.

Na materia de FOPP a metodoloxía empregada incluírá un maior fincapé nos traballos en equipo colaborativos, tanto en soporte dixital, escrito ou de debates orais, e na materia de Proxecto Competencial se basea no traballo conxunto, reparto de roles e tarefas por equipos colaborativos e a creación dun produto final entre todo o grupo clase.



## 2.2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación trimestral e final ordinaria na **materia de Bioloxía e Xeoloxía** en todos os cursos realizarase utilizando diferentes instrumentos de avaliación onde, cada un deles, ten unha puntuación máxima sobre os 10 puntos totais.

Instrumentos de avaliación e a súa puntuación máxima:

- Probas escritas ou orais: 70% da cualificación
- Caderno de clase: 10% da cualificación
- Traballo de revisión e investigación en equipo: 10% da cualificación
- Traballo na aula: 10% da cualificación

### Probas

Poden realizarse varias probas en cada trimestre relacionadas cos criterios de avaliación da programación didáctica do curso e coas competencias clave. As probas, xeralmente escritas, aínda que nalgún caso poderán ser orais, terán preguntas e actividades de diversos tipo: test, opción múltiple, textos de comprensión, interpretación de gráficas, preguntas curtas, preguntas de desenvolvemento, debuxos, esquemas, identificación de especies naturais, ou prácticas de laboratorio.

### Caderno de clase

O caderno debe conter todas as actividades realizadas na aula, no laboratorio ou no medio natural. Deben estar corrixidas, con corrección ortográfica e boa presentación. Se o alumno ou alumna algún día non ven a clase debe reflectir no caderno as actividades dos días de ausencia.

### Traballos de revisión e investigación

Cada trimestre o alumnado debe presentar un traballo de revisión ou investigación en equipo de temáticas relacionadas co currículo, propostas pola profesora ou polo propio equipo. Os equipos deben estar conformados por homes e mulleres, e ser de entre 2 e 4 membros. O traballo entregarase por escrito e, ademais, será exposto ante o grupo clase ao final de cada trimestre.



## Traballo na aula

Diferentes rexistros do profesorado permitirán obter a cualificación deste apartado, no cal se valorará a realización das tarefas encomendadas e a súa posterior corrección, o cumprimento dos prazos de entrega, as intervencións nas clases, a participación en actividades voluntarias, a colaboración nas actividades prácticas, a presentación de noticias científicas e outros aspectos que a profesora poda solicitar.

A **cualificación de cada trimestre** obterase da suma ponderada das cualificacións dos diferentes apartados. A cualificación será un numero enteiro entre 1 e 10. No caso de que a cualificación media da avaliación non corresponda a un valor enteiro, se o decimal é 1, 2, 3 ou 4 axustarase á baixa, e de ser de 5 a 9, axustarase ao enteiro superior.

A avaliación **na materia de FOPP** será levada a cabo a través da realización de tarefas de aula e traballos de investigación en equipo na rede con posterior exposición na aula coa axuda dunha presentación dixital. Tamén se elaborará ao longo de todo o curso o denominado *O teu proxecto de vida*, a través da realización de actividades propostas ao longo das unidades didácticas e que se entregará completo a final de curso e será exposto ante os compañeiros e compañeiras, esta vez de maneira individual.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- Elaboración e presentación de traballos de investigación en equipo: 50% da cualificación. Inclúe a presentación final de O teu proxecto de vida.
- Realización de tarefas de aula: 50% da cualificación. Estas tarefas deberán recollese no caderno do alumno/a.

Cando un alumno ou alumna non supere unha avaliación, realizaráselle unha proba escrita de recuperación baseada nos criterios mínimos de aceptación das unidades asociadas a esa avaliación. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5. Cando un estudante teña algunha avaliacións suspensa, terá a oportunidade de realizar unha proba global final baseada nos criterios mínimos de aceptación de todas as unidades correspondentes a dita avaliación. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5. A nota final será nese caso a cualificación de dita recuperación.

A avaliación **na materia de Proxecto Competencial** levarase a cabo cos seguintes procedementos de avaliación:



- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación e entrega do dossier con toda a información recompilada.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Traballo en equipo. Adopción de rol concreto. Participación activa. Mapa-catálogo, paneis informativos, dípticos explicativos.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Actuación como guías da natureza fronte ao resto de compañeiros/as de secundaria.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

### 2.3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Empregaremos entre outros: o libro de texto (escrito ou dixital), o material do laboratorio, materiais audiovisuais, como os vídeos proxectados, as actividades interactivas ou as presentacións dixitais para traballos en equipo, así como modelos tridimensionais para amosar estruturas como a da célula ou a da molécula de ADN.

Os libros de texto para este curso para a materia de Bioloxía e Xeoloxía son:

- En 1º ESO o libro da Editorial Edebé na plataforma Edixgal.
- En 3º ESO o libro Construindo mundos da Editorial Santillana.
- En 4º ESO o libro Construindo mundos da Editorial Santillana.

Nas materias de FOPP e Proxecto Competencial non hai libro asignado polo que traballaremos con material seleccionado ou elaborado pola profesora e o alumnado.

### 2.4. COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

Ademais da comunicación que supoñen os boletíns de cualificación trimestrais, manteremos unha comunicación fluída coas familias do alumnado a través das titorías, empregando o espazo titorías da aplicación Abalar para informar sobre o seguimento e evolución



académica e persoal de cada alumno e alumna. Tamén comunicaremos directamente a través da aplicación Abalar aquelas incidencias das que consideremos que deba ser puntualmente informada a familia dalgún alumno ou alumna.

### 3. PLANS DE REFORZO E RECUPERACIÓN

As **probas de recuperación** serán realizadas na avaliación seguinte á suspensa. Na terceira avaliación realizaranse no mes de xuño.

A **cualificación final ordinaria** obterase da media aritmética dos tres trimestres, coa nota sen aproximar. A nota resultante será aproximada á baixa se o decimal é do 1 ao 4, e ao enteiro superior cando o decimal sexa igual ou superior a 5. Terase en conta positivamente a evolución favorable ao longo do curso.

No mes de xuño realizarase unha proba que valorará os contidos, destrezas e competencias clave da programación a aquel alumnado que non superara algunha das avaliacións. A proba terá un valor do 80% da nota, e os traballos realizados un 20%.

### 4. MECANISMO DE RECUPERACIÓN DAS MATERIASPENDENTES

O seguimento dos alumnos/as que teñan as materias avaliadas negativamente será responsabilidade da Xefa do Departamento, unipersoal neste caso. A materia pendente avaliarase en dous cuatrimestres. Aos alumnos/as entregaráselles unha serie de exercicios de repaso dos temas (caderno de actividades) por cada cuatrimestre e realizarán unha proba escrita de verificación da comprensión dos coñecementos reflexados no boletín entregado.

Para superar o primeiro cuatrimestre, o alumno deberá:

- Entregar o caderno de actividades na data fixada polo departamento.
- Superar unha proba escrita que se fixará en febreiro de 2024.
- Para superar o segundo cuatrimestre o alumno deberá:
- Entregar o caderno de actividades na data fixada polo departamento.
- Superar unha proba escrita que se fixará en maio de 2024.

Para superar a materia pendente deberá obter polo menos un 5 de media entre os dous





cuadrimestres, A nota de cada cuadrimestre calcularase coa seguinte media ponderada:

- 70% entrega en prazo e corrección do caderno de actividades.
- 30% proba escrita ou oral de verificación dos saberes do boletín de actividades.

No caso de que o/a alumno/a non tivera superado un ou dous cuadrimestres, terá que realizar unha proba escrita final de recuperación na convocatoria extraordinaria de xuño, correspondente a cada un dos cuadrimestres que non superara e presentar as actividades e traballos encargados pola profesora. Os criterios de cualificación serán os mesmos que para cada un dos cuadrimestres.

## 5. ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

Unha vez tidos en conta os informes do Departamento de Orientación e tras a realización da avaliación inicial, identificamos aqueles alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo. Na reunión de Avaliación inicial tómanse as decisións sobre as medidas de reforzo, apoio ou adaptación que se consideran máis apropiadas para cada un deles: ACS, apoios por parte de PT, reforzos ou exencións da 2ª lingua estranxeira.

Nós, como profesores de materia debemos elaborar as programacións con adaptacións curriculares significativas adaptándoas ao nivel que presenta o alumno ou alumna na nosa materia, tamén debemos aplicar os protocolos correspondentes ao alumnado que presente TEA, TDAH, DEA ou outras necesidades especiais, e, por último, deberemos aplicar as medidas de reforzo que consideremos oportunas para o alumnado que as precise.

## 6. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Tanto na materia de Bioloxía e Xeoloxía como nas de FOPP e Proxecto Competencial traballarase, como xa mencionamos, a comprensión lectora do alumnado coa lectura de textos na aula, nas probas escritas e nos libros de lectura propostos en 3º e 4º ESO. A mellora da expresión oral do alumnado foméntase durante as clases co estímulo da súa participación, así como coas exposicións en equipo de cada trimestre. A comunicación audiovisual e a competencia dixital serán necesarias en 1º ESO polo manexo do ordenador individual tanto na plataforma Edixgal coma noutros recursos propostos.



Outros elementos como o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores ou a creatividade traballaranse dende as tres materias, pero moi especialmente en FOPP, posto que entre os obxectivos desta materia está o de lograr un maior autoconhecimento, unha maior autonomía e unha toma de decisións o máis fundamentada posible.

A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual estarán presentes na constitución dos equipos cooperativos, no emprego dunha linguaxe inclusiva, no fomento de expresións de respecto pola diversidade de identidade e de orientación sexuais e, moi especialmente, na reflexión sobre unha sexualidade sa e construtiva tanto dende Bioloxía e Xeoloxía, posto que inclúe o estudo do corpo humano, coma desde FOPP xa que é unha das dimensións importantes do comportamento humano e particularmente na etapa da adolescencia.

A concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable serán obxecto directo de estudo en Bioloxía e Xeoloxía, e ademais serán temas propostos para a realización de traballos de investigación por parte do alumnado.

O respecto mutuo e a cooperación entre iguais serán unha constante cada día na aula, xa que evítanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas ou racistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. En caso de suceder este tipo de condutas, deterase a sesión para levar a cabo cantas reflexións neste sentido sexan necesarias.

## 7. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS

### 7.1. Accións de contribución ao plan de lectura do centro

A primeira das contribucións a este plan é a participación deste departamento na coordinación da Biblioteca do Centro e, polo tanto, nas súas actividades.

En Bioloxía e Xeoloxía de 3º ESO propoñemos ao alumnado a lectura do libro *Os nenos da variola* da autora María Solar, e en 4º ESO do libro *No seas Neanderthal y otras historias sobre la evolución humana* dos autores Sang Hee Lee e Shin Young Yoon.

Así mesmo, e coa finalidade de desenvolver a comprensión oral e escrita, fomentaranse os hábitos de lectura e escritura realizando actividades de lectura e comprensión de textos,



a distinción de ideas principais e secundarias diferenciando o importante do accesorio, a elaboración de resumos e síntese, e a interpretación de gráficos, imaxes ou táboas de datos.

Tamén empregaremos algúns métodos habituais na actividade científica: lectura comprensiva de problemas e formulación clara dos mesmos; utilización de fontes de información de maneira sistemática e organizada; formulación de hipóteses pertinentes aos problemas; contraste de hipóteses mediante a observación rigorosa e, en certos casos, a planificación e realización de experimentos; recollida, organización e análise dos datos; discusión de conclusións; comunicación de resultados mediante o oportuno informe correctamente expresado.

Na materia de Proxecto Competencial o alumado deberá extraer información da lectura de dípticos e outros documentos sobre os espazos naturais do Concello de Nigrán e elaborar eles o guión e narración do produto final do proxecto.

## 7.2. Accións de contribución ao plan dixital do centro

Dende o noso departamento contribuiremos a tentar acadar os obxectivos propostos para este curso polo plan dixital do centro:

- Establecer unha estratexia dixital.
- Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital.
- Adaptar actividades de aprendizaxe dixitais ás necesidades do alumnado con NEAE.
- Promover a comunicación entre o profesorado e as familias mediante o uso da ferramenta AbalarPro.
- Crear e fomentar o uso de recursos dixitais na práctica docente.
- Usar Edixgal e a Aula Virtual do Centro cando non se asista ao Colexio.
- Usar “espazo titorías” de Abalar.

Pretendemos, por tanto, afondar no uso das tecnoloxías dixitais na nosa práctica docente diaria na aula co uso de material interactivo, empregando a plataforma Edixgal en 1º ESO e a Aula Virtual no resto de cursos, e incorporándoas nas adaptacións curriculares e itinerarios personalizados.

Así mesmo, participaremos en formacións do profesorado para mellorar a nosa competencia dixital. A participación dende o departamento no proxecto de Polos Creativos contribuirá a este plan de mellora.



## 8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Sen prexuízo de modificacións posteriores debido á participación en convocatorias de actividades propostas polas distintas Administracións públicas (Consellería, Ministerio, Concello, Universidade, Institucións Científicas, etc) ou de carácter privado (Asociacións, ONGs...), propoñemos as seguintes actividades complementarias para este curso:

- Xeorruta polo entorno máis próximo. Para 3º e 4º ESO.
- Observación do ceo nocturno da man dun experto para toda a ESO.
- Visita á EDAR de Nigrán. Para 3º e 4º ESO.
- Visita a un centro de investigación da contorna. Para 4º ESO.
- Saídas pola contorna do centro para estudar a biodiversidade e outros aspectos de interese. Para 1º e 2º ESO.
- Recollida de lixo nunha praia cercana. Todos os cursos.
- Asistencia a diferentes charlas impartidas por científicos e científicas: participación nas charlas do 11F, no programa Somos científicos/as, etc.
- O departamento colaborará co equipo da Biblioteca e co Equipo de Dinamización Lingüística na organización das diferentes festividades e actividades que estes propoñan: magosto, entroido, día da paz ou o día da muller.
- Organizaranse actividades para a conmemoración do día mundial contra o SIDA, a semana da ciencia, o día da muller e a nena na ciencia e o día mundial do medio ambiente.
- A participación na coordinación do equipo de traballo da Bibioteca participando na coordinación e dinamización das actividades desta.

## 9. REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

O proceso de ensino, a práctica docente e a propia programación avaliaranse periodicamente ao longo de todo o curso académico ca fin de corrixir procedementos e realizar as melloras oportunas. Para esta fin aplicarase a autoavaliación utilizando indicadores de logro acerca da planificación da programación, o seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe e a adecuación aos tempos establecidos. Ca fin de coñecer a opinión



do alumnado, tamén se utilizará a heteroavaliación (alumno/a-docente), mediante unhas enquisas anónimas aos grupos de alumnos/as para adecuar as melloras ao alumnado ao que vai dirixida a programación. Os indicadores que se terán en conta son:

<b>Indicadores de logro</b>	<b>Si</b>	<b>Non</b>	<b>As veces</b>
As actividades levadas a cabo axústanse aos obxectivos de cada unidade didáctica.			
Realízase unha avaliación inicial a principio de curso e ao comezo de cada unha das unidades didácticas.			
As actividades están secuenciadas de xeito adecuado ás características do alumando ao que van dirixidas.			
O interese do alumando pola materia mantense ao longo do desenvolvemento das unidades didácticas.			
Tense en conta o nivel de partida do alumando na estruturación de actividades de cada unidade didáctica.			
As actividades propostas son variadas ca finalidade de chegar a toda a diversidade do alumnado.			
Utilízanse diferentes instrumentos e procedementos de avaliación.			
Os criterios de cualificación son axeitados en cada unha das unidades traballadas.			
Os recursos utilizados son variados e acordes á temática traballada.			